

FISTERRA

Modesto Fraga Moure

Unha iniciativa de



co apoio de



*Fisterra, terra do sufrir ardente,
terra chea de door que en ti se aferra
terra do mar máis que da mesma terra*
Pepe Traba (1926-1980)

Son moitos, e ben significativos, os autores que ao longo da historia teñen reparado na singular grandiosidade do cabo máis occidental do vello Continente. Con razón o poderoso xeneral romano Décimo Xunio Bruto, alá polo 138 antes de Cristo, aterrado pola temíbel visión que os seus ollos estaban a contemplar tras ver como o sol era devorado polas augas oceánicas, ficaría rendido ante tanta maxestosidade nunca antes coñecida.

Mais esta singular fascinación, este unánime abraio transcende, como é sabido, os contextos espacial e temporal dunha época concreta, dun período específico que mesmo poderíamos obviar, de así o querer, no inexorábel *tempus fugit*; sendo Fisterra hoxe en día non só un fermoso e privilexiado enclave xeográfico localizado no noroeste galaico senón, máis ben, unha fonte inesgotábel de luces e misterio que cómpre descubrir e coñecer, tanto desde un prisma simplemente diacrónico coma sincrónico.

Unha illa entre dúas beiras

Comezaremos, porén, apuntando de maneira breve algúns aspectos de índole situacional e demográfica que nos axuden a comprender, aínda que sexa desde suposicións máis ou menos aproximadas, o particular *modus vivendi* das xentes que conforman este atractivo e milenario confín atlántico.

Así, baixo estas premisas, o “*tómbolo sobre a area branquecina*”, que é a maneira coa que o poeta Alexandre Nerium describe metaforicamente a través da versificación estrófica a península que abrangue o **cabo Fisterra**, permítenos deslindar de xeito equitativo as dúas caras vertebradoras dunha paisaxe esplendorosa e incomparábel. Por unha banda, a do norte, que nos ofrece o marabilloso espectáculo da costa máis agreste e esgrevia; un mar vingativo e insaciábel, “*beixo de escuma e de sal*”, así poetizado por José Ángel Valente nun

fermoso texto de seu. Temos ademais aquí, para deleite dos nosos ollos, o petón coñecido como o **Centolo**, aterrador cemiterio de naufraxios tan soados e aínda frescos na retina colectiva como os do *Blas de Lezo*, nave da Armada española que afundiou nas proximidades dos seus cantís cando realizaba unha manobra de prácticas ou o *Bonito*, pesqueiro de baixura que nos primeiros días de 1960, á altura do **cabo da Nave**, impregnou de orfandade toda a veciñanza. Ao seu carón, coma se se tratara de testemuñas de ultratumba, incontábeis e sentidos restos de pranto silencioso espaxados nos abismos dun mar, en ocasións xeneroso, mais eternamente vingador.

Sabías que...

O naufraxio do buque panameño *Casón*, en 1987, provocou o éxodo masivo da poboación fisterrá como consecuencia da carga perigosa que transportaba?

Asemade, faise altamente recomendábel, dado que nos atopamos na fin e na xénese do mundo (en realidade, todo depende de como nos situemos), non deixar pasar a oportunidade da chegada do solpor para, xa comodamente sentados, contemplar *in situ* diante da inmensidade oceánica a sacrílega labarada que vinte séculos atrás aterrara, nada máis e nada menos, que as hostes do imperio máis poderoso da civilización humana. Se despois de todo isto aínda nos queda tempo e as forzas acompañan, o que de veras procede é perderse paseando pola impresionante praia de **Mar de Fóra**, incluída no plan Rede Natura 2000 e un dos enclaves paisaxísticos máis exquisitos cos que a fértil natureza nos agasallou a todos os fisterráns.

Por último, quedanos a obrigada visita ao **faro**, construído en 1853 e situado enriba do derradeiro rochedo que divide o mar da terra, a 143 metros de altura. Actualmente, amais dos servizos de vixilancia e de control marítimo que lle son propios, nas súas instalacións é posíbel gozar de interesantes exposicións pictóricas expostas nas diferentes estancias do complexo así como dalgún que outro acto literario de importante relevo. Esta construción conta, ademais, cun edificio anexo que recibe o nome de “Sirena”, de onde emerxen poderosos dous enormes cornos, dúas enxordecedoras buguinas coñecidas co alcume de **Vaca de Fisterra**, pola súa semellanza no berro -digo eu- con este bendito animal. A obra, autoría de Ángel García del Hoyo, entrou en funcionamento en 1889 para axudar a que nos días de borraxeira, malia a súa imperceptibilidade, a luz do faro puidese

ao menos intuírse. Con todo, a pesares da súa exclusiva orixinalidade (é a única de Europa que funciona cun sistema de aire comprimido), relevancia (que emite dous estridentes sons cada minuto chegando a acadar unha distancia de 25 millas (46 quilómetros) e emotividade (son varias as xeracións de fisterráns que, guiadas polo seu consello sonoro, teñen chegado a salvo aos seus fogares trala loita diaria e desigual co pérfido mar) a Vaca de Fisterra perdeu todo o seu protagonismo logo de ser xubilada antes de tempo polos “modernos avances” da tecnoloxía.

Un terceiro edificio que debemos considerar especialmente dada a súa estreita vinculación co faro, ao que servía de apoio, é o **Semáforo**, construción datada nos albores de 1879. Malia que os vellos lobos de mar fisterráns de maior idade afirman -acaso por teren vivido máis de preto a actividade pesqueira coas súas limitacións e necesidades perentorias- que a súa función era fundamentalmente prover de carbón o faro, a documentación existente amósanos unha realidade ben distinta: a súa misión orixinal, aínda que non a única, consistía na emisión de diversos sinais mariños e outros servizos comunicativos. Hoxe en día, tras moitos anos durmindo no letargo da desidia pluricompetencial, este fermoso inmóbel rehabilitado polo prestixioso arquitecto César Portela é unha hospedaría de turismo rural de primeira orde e un referente indispensable que todo visitante debe coñecer se quere demostrar, algún día, que estivo nas verdadeiras entrañas do Cabo Fisterra.

Onde durmir...

Hotel Restaurante “O Semáforo” (Faro, Fisterra)

Da autoría de César Portela é tamén o magno cemiterio civil, aínda en fase de construción, que bordea a impresionante ladeira de **Cabanas**, no mesmo promontorio. Este orixinal e controvertido proxecto recibiu os aplausos da crítica internacional especializada, mais tamén un certo desleixo por parte da poboación fisterrá; unhas veces motivado por cuestións de índole moral e relixiosa e outras polas tanxíbeis dificultades de acceso para se achegar ao referido lugar. Así e todo, paga a pena que o visitante se relaxe ante a contemplación deste contorno paisaxístico único -comparta ou non a idoneidade da necrópole- no que as salgadas ondas oceánicas manteñen un pretérito idilio segredo co pétreo monte Pindo.

Por outra banda, polo que atinxe á zona sur, aquela que une a apracíbel praia da **Langosteira** coa enseada de Sardiñeiro e a ría de Corcubión, o que nos

atopamos é cun remanso de paz e tranquilidade que nada ten que ver coa vertixe e o furor antes sinalados. Nesta ocasión os areais serven de acubillo e protección do asentamento poboacional e contribúen, ao mesmo tempo, ao desenvolvemento -fundamentalmente turístico- dunha economía local baseada, case en exclusividade até hai ben pouco, nos sectores da pesca e o marisqueo.

O dato

Estudos publicados recentemente confirman a extracción de percebe e longueirón, *linqueirón*, como os produtos estrela do marisqueo en Fisterra.

Fonte: Fernández de Rota, J.A. *Prospectiva de desenvolvemento local*

Actualmente, grazas ao esforzo que desde as distintas administracións públicas se vén realizando a prol dunha promoción turística do municipio, seria e de calidade, a hostalería medrou substancialmente até o punto de se converter Fisterra nun dos lugares referenciais da arte culinaria galega por excelencia. Onde, se non, é posíbel degustar unha robaliza, un escarapote ou un sargo á grella, acabados de traer do mar, que superen os que se serven en restaurantes de categoría suprema como o “Tira do Cordel”, en **San Roque**, “Casa Lestón”, en **Sardiñeiro**, “O Fragón”, no **paseo da Riveira**, ou o “Praia de Calcoba”, en pleno corazón arbóreo da **Serra**. Quén pode dicir, logo de visitar os fogóns da “Casa Velay”, “O Centolo”, “Fin do Camiño”, “Tres Golpes” ou “Don Percebe”, que non degustou os máis saborosos arroces con lumbrigante, toda sorte de mariscadas, caldeiradas e outros delicados manxares da boa mesa. Evidentemente, son todos os que están pero non están todos os que son. As limitacións dun feito descritivo destas características malia supor un certo agravio comparativo dada a imposibilidade de podermos citar todos e cada un dos locais existentes, non pretende, en absoluto, desmerecer o conxunto de toda unha altísima, maiúscula e altamente recomendábel gastronomía en xeral. Convén, nese senso, animar encarecidamente a todos os visitantes deste concello a que, sen ningún tipo de prexuízo nin orientación interesada, entren en calquera restaurante da localidade, onde serán magnificamente recibidos, aparezan ou non citados neste roteiro.

Segundo datos extraídos do Instituto Nacional de Estatística (INE) correspondentes ao ano 2005, Fisterra conta na actualidade con 5.042

habitantes¹, distribuídos entre oriúdos do *pobo* (entendendo por tales os naturais do propio núcleo urbano) e os nativos da *aldea*; ou sexa, das parroquias pertencentes ao concello: **San Xoán de Sardiñeiro**, **San Martiño de Duio** e **San Vincenzo de Duio**, coas súas respectivas aldeas circundantes. É preciso aclarar, en chegados a este punto, que a forte caída poboacional padecida en Fisterra nos últimos anos débese a factores ben diversos, entre os que cabería subliñar a sangría migratoria -tanto ao estranxeiro como a outros lugares da península-, a escaseza de posibilidades profesionais medianamente estábeis e, en último termo, a unha nula planificación política por parte das autoridades locais en materia de inserción e desenvolvemento laboral.

Vía XX: á procura dun camiño de estrelas

Qué lonxe fica o mundo desde o faro Fisterra
Miro Villar

Chegar a Fisterra hoxe en día, arribar ao *Finis Terrae* que en tempos da *Gallaecia* -e aínda na actualidade- competía unicamente coa propaganda prisciliana cristiá por un posto de honra no mundo coñecido; facelo despois dunha ardua e homérica travesía, de seguro repleta de avatares e misterio, de ningún xeito é comparábel con visitar calquera outro lugar por moi sedutor que se nos presente. Con todo, convén que, como bos viaxeiros, evitemos na medida do posíbel non perder de vista o camiño, deixarnos guiar polo sabio ronsel das estrelas marcadas no horizonte do poeta e orientarnos apenas polos empedrados e retortos *carrexos* cos que nos imos atopar a medida que os segundos se sucedan e os pés, coitados, afronten o seu particular calvario.

Non, non é que este cronista pretenda aquí, agora, así de boas a primeiras achegando como único aval a imprecisa, parcial e arbitraria singradura das palabras, espantar futuros visitantes, alegres peregrinos, simpáticos turistas, amigos todos. Nada máis lonxe das miñas *poéticas*, aínda que nobres, intencións. Sucede que, en aras á verdade, o propósito da susodita advertencia radica -nin máis nin menos- na certeza da inmoralidade que supón padecer a inhumana

¹ Esta cifra puido ter variado nos últimos meses, segundo se desprende do padrón municipal de habitantes elaborado co gallo das pasadas eleccións municipais, que mostraba un descenso importante da poboación censada.

precariedade viaria dunhas comunicacións máis propias dos días de Augusto que dos tempos que corren.

Porén, a modo de aviso para navegantes -que axiña o atento viaxeiro advertirá nas súas propias carnes, malia se atopar inmerso en pleno século XXI- a única vía de comunicación terrestre que enlaza Fisterra con Santiago de Compostela, e mesmo coa capital provincial, non é outra que a **AC-552**, que tanto nos conduce por serpeantes cunetas do interior, sumamente prescindíbeis, como atravesa e delimita os fermosos concellos costeiros de Noia, Muros, Carnota e Corcubión; este último situado a tan só doce quilómetros da citada vila fisterrá.

Sabías que...

Segundo datos publicados polo goberno galego, Fisterra é, despois de Santiago de Compostela, o segundo lugar máis visitado de Galicia?

Así pois, aclarado este particular “que quen avisa non é traidor” -como di o refraneiro-, pasaremos a describir pormenorizadamente algunhas das visitas obrigadas que, ao noso entender, convén realizar unha vez chegados a este confín atlántico chamado Fisterra.

Mais antes, de maneira sucinta, repararemos nun par de cuestións que, para alén dos que mantemos unha mediana relación paterno-filial co pobo de orixe, a máis dun seguramente lles ha importar tanto como perder o sermón dominical das doce de don Agustín.

Un pouco de Historia. De Vicetto a Pondal

Falabamos ao inicio desta introdución da inxente cantidade de autores que, ao longo dos tempos e a través dunha documentación escrita certamente prolixa, se ocuparon de enxalzar as excelencias paisaxísticas, lendarias, costumistas e até humanas da antiga civilización asentada baixo o berce matricial do **monte Facho**. A propia historiografía literaria, sen ir máis lonxe, remítenos, por citar algúns, a nomes tan senlleiros coma os de Erich Lassota, Jerónimo del Hoyo, George Borrow, Carré Aldao, o Padre Sarmiento ou Murguía. Claro que, entre tanta luz, tamén constatamos a existencia dalgunha que outra sombra; en ocasións,

supomos, produto do descoñecemento e/ou, no mellor dos casos, dunha lixeira interpretación claramente nesgada ou manipulada.

Con respecto a este asunto, chama poderosamente a atención a carta que en 1867 o poeta pontecesán, Eduardo Pondal, figura cimeira do noso Rexurdimento, lle dirixe a Manuel Murguía nos días en que este ultimaba a redacción da súa Historia de Galicia. Neste valiosísimo, aínda que probabelmente anecdótico documento, atopamos parágrafos tan reveladores como o seguinte:

“...he hecho una excursión al cabo Finisterre; y tuve ocasión de observar, con este motivo, que las peregrinas afirmaciones de Vicetto, con respecto al Ara-Solis (...) ...son una serie de imposturas por las cuales no se puede pasar...”

Ou estoutro, se callar máis directo e contundente, referíndose de maneira explícita a destacados investigadores como Seguin, Servando ou Ptolomeo. Dinos o Bardo:

“...recuso los primeros; [...] por lo que toca al griego Ptolomeo, tengo para mí que este gran geógrafo siguió completamente la fábula de su tiempo y la imaginación de sus homéricos compatriotas.”

Non fai falla ser demasiado suspicaz, nin moito menos un prodixio da intelixencia humana para decatarse de que, tal como nos deixan entrever as palabras de Pondal, o rigor modernizante dos nosos románticos chocaba xa, naquela altura, cos postulados decimonónicos da última vella escola grecolatina e os seus relatos, en ocasións, pouco ou nada documentados.

Resulta evidente, por outra banda, que a poderosa influencia dos xeógrafos grecorromanos, coas súas teorizacións tan atractivas e fabulosas, callou de maneira máis que fecunda nalgúns dos autores antes mencionados. As súas historias, o particular modo de contalas, así como un constante e mesmo abusivo uso da retórica e da hipérbole como fundamentos de carácter probatorio e científico resultaron, durante algún tempo, en certo modo, incuestionábeis. E velaí que, sen entrar nas movedizas augas do rigor máis ou menos esixíbel (convén lembrar que a práctica totalidade das civilizacións occidentais alimentaron a súa historia con episodios pouco, ou nada, veraces) o certo é que

tamén o *Finis Terrae* abrangueu como seu todo un repertorio riquísimo de lendas e mitoloxía pagá aínda hoxe en pleno apoxeo.

É de supor, con todo, que todo este prolífico herdo aristotélico-platónico (re)elaborado a modo de colaxe atemporal, contribuíu en grande maneira ao servizo dunha mesma causa: tradición e lenda a partes iguais. Poética e Retórica collidas da man, en resumidas contas. Todo isto, e moito máis, para deducir que os *Nerios*, tribo, ao parecer, descendente da raza Celta e que se supón habitou este territorio ao que a romanización bautizou co nome de *Promontorium Nerium*, é a quen debemos o sangue que corre polas nosas veas, hoxe tan globalizadas.

A lenda da cidade de *Dugium*

A descuberta, hai uns anos, de numerosos achados prehistóricos co gallo das escavacións realizadas por un equipo de arqueólogos da Universidade de Santiago de Compostela na contorna que abrangue o verdísimo **val de Duio** -onde apareceron, segundo temos constancia, diversos obxectos como citanias, mámoas, dolmens e varios tarecos- provocou que algúns prestixiosos historiadores coincidan na posibilidade da existencia de núcleos poboacionais neste lugar pertencentes á época castrexa e megalítica.

Segundo contan as lendas de tradición oral e algunha que outra contrastada testemuña escrita, tal é o caso do libro III do *Códice Calixtino*, **Duio** debeu ser, nalgún momento, unha importante cidade á que acudían con frecuencia todo tipo de comerciantes e mercadores seducidos, moi probabelmente, polo seu fluído e recoñecido tráfico marítimo-terrestre. Este feito, a pesares do que poida parecer, non deba en absoluto subestimarse no entanto, como sabemos, a civilización e o progreso viñeron sempre por onde correu e se moveron as augas. Así, os vestixios atopados polos investigadores aos que fixemos mención con anterioridade -aos que cómpre engadir diversas pezas de cerámica, machetas de bronce e mesmo lanzas biseladas- unido ás pescudas realizadas por autores que dedicaron boa parte da súa vida a pór en valor as esenciais patrimoniais da nosa identidade, como o médico local Francisco Esmorís Recamán na década dos anos 50 e 60 do século pasado, indúcennos a pensar que tales descubrimentos non son, en absoluto, infundados. Antes ben o contrario. O

xa referido xeógrafo Ptolomeo, tan cuestionado por Pondal, defende que é precisamente aquí, na cidade de Duio, onde se erixiu o famoso *Portus Artabrorum*; aínda que, sobre este particular, son abundosas as interpretacións discordantes que cómpre termos en conta.

En todo caso, ora sexan historia real ou simple invención literaria as innumerábeis pasaxes dedicadas á mítica cidade de *Dugium*, o certo é que na retina dos nosos devanceiros aínda ecoan os ventos dunha non moi arredada sociedade altamente considerada.

A comezos do século XIX, o escritor anglosaxón George Borrow, de visita por terras galegas, publicaba no seu diario de viaxes unha curiosa anécdota que seica lle aconteceu nos arrabaldes do lugar. Despois de varias horas alternando a oración coa alegre actividade de observar a policromía existente entre tanta vexetación coroada de millo, o curioso visitante preguntoulle o seguinte a unha muller que por alí andaba: “¿Cómo se llama este pueblo?”. Ao que ela respondeu, entre indignada e orgullosa: “*Meu señor, isto non lle é un pobo. É unha cidade, a cidade de Duio*”.

A ermida de San Guillerme

Mais se xa de por si nos seduce, e mesmo nos conmove fondamente, a lenda da cidade de *Dugium* que acabou, como é sabido, asolagada polos mares pola súa teima no mal, a tradición oral herdada dos nosos antepasados antóllase tan fecunda que nos leva por uns rumbos nos que a imaxinación e a fantasía conforman un corpus común certamente prodixioso. Isto é o que acontece coa lenda de **San Guillerme**.

Na falda do **monte Facho** (242 metros), primoroso queixume dos pinos e simbólico berce matricial, atópanse os restos dunha ermida que algúns autores vencellan co rito pagán do **Ara Solis**, de veneración ao sol; mentres outros prefiren asociar esta pía antropomorfa, datada no século VII e na que os matrimonios infértiles se deitaban para procrear, coa fecundidade. O propio Sarmiento, despois de visitar persoalmente o lugar e de se achegar á lápida do santuario coñecida como “**cama do santo**”, deixounos escrito o seguinte:

"No hace mucho tiempo, había una pila o cama de piedra en la que se echaban marido y mujer que, por estériles, recurrían al Santo y a aquella ermita."

Pola súa banda, o eminente investigador Francisco Esmorís Recamán amósase moito máis cauto e prefire falar da posibilidade de que a figura de San Guillerme talvez se corresponda cun eremita que un bo día se retirou a vivir a este apartado lugar e que, por algún descoñecido motivo, o pobo máis tarde canonizou. Sexa como for, unha vez máis, non podemos negar que os axentes publicitarios da cultura castrexa e da romanización callaron de maneira máis que evidente na historia da sociedade fisterrá. Actualmente, a administración local e a Dirección Xeral de Patrimonio da Consellaría de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia están a traballar no acondicionamento e posta en valor deste espazo aos efectos dun mellor coñecemento da nosa propia identidade.

A lenda de Orcavella e o mito das Pedras Santas

Para rematar con este capítulo de lendas inseridas na cultura popular fisterrá, tan vencelladas á propia idiosincrasia dos seus habitantes, e sen as cales non se podería explicar a súa historia, nada mellor que acudir ao magnífico tesouro que é o libro *Las huellas de Santiago en la cultura de Finisterre*, obra do escritor Benjamín Trillo. Nel atopámonos con relatos certamente conmovedores pero á vez arrepiantes, como o de **Orcavella**, malévola e pervertida muller consagrada ás artes do canibalismo e a bruxería, que habitou o lugar en tempos pretéritos. A lenda dinos que era tal a súa maldade que, cando se cansou de vivir, cavou unha tumba e enterrouse nela a carón dun xove pastor ao que tiña enfeitizado. A medida que os efectos da hipnose se ían esfumando, que os latexos de vida subían, como ríos, a súa intensidade, o coitado pastor comezou a berrar desesperadamente. Os seus lamentos abofé que foron ouvidos, mais nada se puido facer por salvarlle vida debido aos centos de serpes venenosas que, silentes, saían do sarcófago.

Con respecto ás **Pedras Santas**, localizadas a escasos metros de onde se supón que estivo o sartego de Orcavella; en concreto na ladeira oeste do propio monte Facho, trátase, efectivamente como o seu nome indica, de dúas moles de enormes dimensións ás que a tradición atribúe diversos dons de tipo curativo. A literatura oral menciona, sen ir máis lonxe, o feito extraordinario de se poderen

mover con tan só pousar unha man riba delas. O testemuño máis revelador deste misterioso asunto amósanolo o viaxeiro Erich Lassota quen, tralo achado, deixou así escritas as súas impresións:

“Aínda cando non se poden retirar nin con varias xuntas de bois, pódense mover cun dedo, o que eu mesmo comprobei.”

Convén saber

Ademais do investigador Francisco Esmorís Recamán, membro correspondente da Real Academia Galega, destacan na historia cultural fisterrá os nomes de Desiderio Paz Figueroa, *Don Emerito*, Casto María Ínsua, Matías Méndez Escarís e Alejandro Finisterre, entre outros

Visitas obrigadas

A vila de Fisterra

Todo visitante que se achegue a **Fisterra**, xa sexa motivado pola curiosidade, as ansias de aventura ou, mesmamente, por un sentimento de espiritualidade e arraigo á tradición xacobeá (rematar o Camiño, queimar as roupas no Cabo do mundo, etc) debera facer a súa entrada atravesando a simbólica porta principal que nos sitúa diante da imponente **Cruz de Baixar**. Non é casualidade, porén, a súa situación, como tampouco o é o feito de partirmos nós deste lugar para realizar, de maneira eficaz e o máis divertidamente posíbel, un pequeno itinerario lúdico-cultural que nos leve á procura dos principais atractivos da localidade.

Deixamos atrás, xa que logo, a fermosa panorámica que xenerosamente nos brinda a Cruz de Baixar e continuamos a nosa andaina pola **avenida da Coruña**. A tan só douscentos metros, á esquerda, atopámonos de fronte coa, disque de todos, **Casa do Concello** e co centro de saúde. A estreita rúa **Santa Catalina**, unha das máis antigas de todo o municipio, coas súas enigmáticas calexas, levaranos directos ao **albergue** de peregrinos e á zona portuaria. No **peirao**, principal motor económico e leal refuxio da actividade cotiá dos fisterráns deteremos o paso e, de nos apetecer, daremos boa conta dun merecido

refrixerante nas numerosas terrazas situadas fronte ao mar. Recentemente levouse aquí a cabo unha importante serie de melloras, entre as que destacan a construción dunha moderna lonxa, baixo a supervisión do arquitecto Juan Creus, así como un coidado amaño de toda a fachada marítima. Con todo, o primeiro que nos atopamos segundo avanzamos desde o albergue en dirección ao porto é co **monumento do Emigrante**, levantado en homenaxe aos homes e mulleres da diáspora que tanto teñen contribuído ao progreso e ao benestar do noso país. De contado, sen deixar de admirar a beleza modernista da infraestrutura portuaria, podemos deleitarnos contemplando a inxente habelencia dos verdadeiros representantes do sector, os mariñeiros, no tocante ao manexo das súas faenas profesionais. Así, non resulta nada estraño atoparse con eles a calquera hora do día, e mesmo da noite, e velos inmersos, “ao seu”, *clareando* aparellos, *arrombando* nasas ou *atalincando* anzois.

Para non perder

Unha poxa de peixe na hai pouco inaugurada lonxa de Fisterra. A subhasta diaria adoita dar comezo ás 16:30 h

Un pouco máis adiante, xusto detrás do peirao, temos á vista a **praia da Ribeira**; pequeno areal protexido polo regazo cálido da **Cerca**, co sempre vixiante **chalé de Vilas**, e o imponente, e non menos maxestoso, **castelo de San Carlos**. Esta fortificación, construída nos albores do século XVIII que, posteriormente, foi arrasada polas tropas francesas na guerra da independencia, tivo no destacado intelectual galeguista, Plácido Castro del Río, un dos seus principais benfeitores. Na actualidade, este incomparábel marco acolle o **Museo do Mar**, onde se expoñen todas e cada unha das artes empregadas pola flota de baixura fisterrá, como vetas, miños, trasmallos, volantas e nasas, amais de diversos paneis informativos dos numerosos naufraxios acontecidos nestas costas ao longo de toda a historia.

Sabías que...

En 1596 vinte galeóns da Armada española, comandados por Martín de Padilla, afundiron na costa fisterrá causándollela a morte a 1706 persoas?

Desde aquí, continuando co noso itinerario, temos dúas interesantes opcións a seguir: unha primeira que nos levaría até a pequena cala de **Corbeiro**, coas súas pedras arredondadas e o seu fermoso paseo a rentes do mar, ou ben

dirixirnos directamente á **rúa Ara Solis**, un dos centros neuráxicos da localidade e que nos enxerta, de pleno, no corazón do casco antigo. Se optamos pola segunda vía, camiñaremos todo recto en dirección á **praza Francisco Esmorís**, subiremos as catro escaleiras da **rúa das Angustias** e chegaremos xusto diante da barroca **capela do Bo Suceso**. Se a nosa intención, amais de sacar unhas fotos, é a de penetrar no templo, algo que, en todo caso, dependerá da dispoñibilidade eclesiástica, convén que reparemos especialmente no retablo da capela maior de onde emerxe a imaxe da Virxe do Socorro. De contado, baixando pola travesía Ara Solis chegamos á céntrica **praza da Constitución**, arredor da que conflúen innúmeras e singulares rúas e onde se celebran, entre outras actividades, o popular **entroido** fisterrán (o de maior sona de toda a Costa da Morte por mor da orixinalidade e o escarnio das súas enxeñosas composicións), a tradicional misa de Corpus, e outros motivos enmarcados nos actos da **Semana Santa** fisterrá, **declarada de Interese Turístico Nacional**.

Convén, chegado este momento, non perder de vista os alegres balcóns que penden das vivendas de máis nobre arquitectura ao longo das rúas **Real**, **O Campo** ou a propia **Cerca**, que lograron combater os novos tempos de aluminio e PVC a cambio dunha boa dose de humidades e caruncho. Por suposto, non pode faltar a obrigada visita ao bar “A Galería”, centro extraoficial de acollida de xentes de toda nacionalidade e condición, gozar da conversa e da hospitalidade que nos brinda e gozar pasando as horas aferrados a un tempo que se nos vai e que intuímos plasmado nas instantáneas que ateigan o local.

Non deixar de visitar...

Albergue de Fisterra, Rúa Real. Horario: 17:00- 22:00 h.
Taberna “Ultreia”, Santa Catalina

Roteiros alternativos a realizar:

Roteiro 1: San Martiño - Val de Sardiñeiro - Areal de O Rostro

Existen, amais dos mencionados, diversas posibilidades de levar a cabo este apaixonante periplo pola xeografía fisterrá coñecendo outros lugares talvez máis afastados pero, á vez, xenuinamente autóctonos. Así, se o que se procura é o deleite dos ollos a través dunha paisaxe esgrevia e privilexiada sen acudir -ao menos de momento- ao excesivo desgaste dos órganos motores que, por outra

banda, estarán xa nesta altura sobexo maltratados de máis, entón o óptimo e, quizais, o máis aconsellábel sexa realizalo en coche saíndo da **estación de autobuses** en dirección á **Cruz de Baixar**. Aquí, no seu estupendo miradoiro con vistas á fermosa praia da **Langosteira** e ao impresionante monte **Pindo**, poderemos descansar e, de sermos afeccionados, até sacar unhas fabulosas fotos de recordo. Inmediatamente, seguiremos o noso traxecto e a tan só douscentos metros colleremos á esquerda o cruce de **San Martiño**. Desde aquí seguimos todo recto e, en pasando o cruceiro desta aldea, subimos cara a **Hermedesuxo de Arriba** en dirección ao **Castro**. Agora, tendo especial coidado de non pisar algún que outro tesouro das inmortalas reliquias que **Duio** nos legou, podemos aproveitar para visitar a súa pequena igrexa e, xa que logo, subir ao **Vilar**, contemplar alí a magnífica praia da **Arnela**, baixar a **Denle** e desde **Castromiñán** deter o noso idílico roteiro no impresionante e grandioso areal que é a praia de **Rostro**. Se por calquera motivo nos sorprendera a noite e as horas de lecer apenas abondasen para borrar as pegadas dunha xornada inesquecível, aínda teríamos ocasión de ampliar a nosa visita achegándonos ao hotel rústico “Dugium”, magnífico e altamente recomendábel establecemento, sito en **San Salvador**. En definitiva, poucos itinerarios deixarán en nós un pouso de felicidade tan agradábel e infinita. Aquí, o mar e a terra, a luz e as sombras, fundidos nunha cópula lasciva, virxinal, perpetua.

Sabías que...

A toponimia das aldeas que conforman o concello (Castrexe, Castro, Castromiñán..) suxiren a posibilidade de asentamentos de orixe castrexa?

Roteiro 2: Peirao - A Insua - Praia de Mar de Fóra

Nesta ocasión deixaremos o coche aparcado e, como manda San Fernando, realizaremos o presente roteiro “un pouquiño a pé e outro pouquiño andando”. O punto de partida faremos que sexa o **monumento do emigrante**, situado, como xa sinalamos en páxinas precedentes, na mesma entrada do porto. Desde aquí subimos a pequena costa da rúa **Federico Ávila** en dirección ao colexio público “Mar de Fóra”. De termos interese, até podemos aproveitar para nos deter uns instantes a contemplar o que queda do antigo lavadoiro da “Mixirica”; emblemático lugar no que tantas xeracións de fisterráns lavaron a vida de tan diversas maneiras e con tan nobres intencións. Hoxe, o que queda, non é máis ca

unha sombra de espazo, un baleiro de historia e de memoria rodeado de cemento por todas partes.

Guiados agora polas ordes dun elemento simbólico, que aparece colocado nas inmediacións do centro docente a modo de indicador (xusto na parte lateral do restaurante “Áncora”), camiñaremos uns cinco minutos até chegar ás inmediacións do hotel rústico “Ínsula Finisterrae”, na sosegada aldea da **Insua**. Se así o desexamos, ao noso regreso, podemos pasar a noite neste afábel lugar con excepcionais vistas á inmensidade oceánica. A tan só dous minutos do mesmo, collemos á dereita, e comezamos o noso roteiro camiñando polo hai pouco construído paseo peonil que nos leva até os mesmísimos “tombos da mudez máis arraigada”, que son as ondas da voraz e omnipresente **praia de Mar de Fóra**.

De tapas por...

Bar “Miramar”, “O Tearrón”, “O Peirao”, “A Palaxa” e o “Casón”, na explanada do porto de Fisterra

Roteiro 3: Monte San Guillerme - Pedras Santas

Se o que nos apetece agora, despois do que levamos visto acerca de fabulosas lendas, malvadas feiticeiras, cidades asolagadas ou pedras que se moven é precisamente perdernos por eses lugares que tanto influíron na nosa tradición popular, nada mellor que embarcarnos neste roteiro misterioso do que ¡coidado! ninguén regresou. Bromas a parte, podemos comezar a nosa aventura partindo da **estación de autobuses** até o peirao. Inmediatamente diriximos os nosos pasos en dirección ao **castelo de San Carlos** -que non visitaremos por telo feito anteriormente- e seguiremos, sen desviarnos, todo recto pola estrada principal. A recollida travesía **Manuel Lago Pais** levaranos até as portas do principal monumento histórico-artístico da localidade, que non é outro que a **igreja de Santa María das Areas** (século XII). O templo, de orixe inicialmente románica, sufriu co paso dos séculos diferentes procesos nos que a pegada das sucesivas correntes artísticas (gótico, plateresco e barroco) se fixo evidente. Xa dentro da igrexa podemos reparar na figura do **Santo Cristo da Barba Dourada**; a quen a lenda atribúe calidades humanas como que lle medran as unllas e a barba, ou dirixirnos á coñecida **Porta Santa**, que só se abre coincidindo co ano xubileu.

O dato

O bispo de Ourense, Vasco Pérez Mariño, natural de Fisterra, dooulle á catedral ourensá a imaxe do Santo Cristo deixando aquí unha réplica daquel

Mais continuando co noso particular itinerario retomamos a subida pola estrada principal e camiñamos durante aproximadamente douscentos metros. Sen máis dilación, collemos á man dereita unha pista forestal, que veremos sen ningún tipo de problema, e deixándonos levar pola sinalización que figura nas marxes do camiño chegaremos de contado a **San Guillerme**. Neste máxico lugar é imposible non ficar marabillado. Chegar a el soamente é comparábel con sentir as emocións máis fondas do ser humano; aquelas que non se poden expresar con palabras, as que se din tan só desde o silencio.

Así que desandamos o camiño e volvemos sobre os nosos pasos até chegar á intersección que nos ha levar rumbo ás **Pedras Santas**. Como queira que cando falan as palabras, ás veces, o mellor é distraerse contemplando o murmurio da paisaxe, faremos oídos xordos e, en dirección á esquerda, subiremos a pista asfaltada que nos leva até o cume do colosal **monte Facho**. Xa coroado o teito de maior altura, o “eterno promontorio”, os “espidos peitos de muller enfesta”, o corpo “con esencia de pedra e monumento”, penetramos nunha nova pista, esta vez de terra, que nos leva á súa ladeira oeste onde se atopan as procuradas Pedras Santas. Aquí, novas e impresionantes paisaxes que tan só a natureza pode ofrecer. Desde o **Centolo** ao **Berrón**, de **Mar de Fóra** ao **cabo da Nave**, desde a **punta de Coídos** até a **Arnela**, mar e máis mar... E as pedras que non deixan de moverse.

Roteiro 4: Sardiñeiro – Talón – A Langosteira

Moito menos salvaxe e aventureiro, aínda que tamén relaxante, tranquilo e sumamente saudábel é o roteiro ao que faremos mención de contado. Malia que temos infinidade de posibilidades de realizalo, ou de modificalo, segundo nos conveña en cada momento, apostaremos nesta ocasión por saír de **Sardiñeiro de Abaixo** pola avenida de Fisterra (antigamente chamada rúa de Arriba). Unha das razóns máis poderosas e obxectivas que nos moven a partir desde este lugar, e non desde calquera outro, estriba no deber que todos os cidadáns temos de honrar e de recoñecer o labor desenvolvido por persoas exemplares, case sempre anónimas, ao longo de toda unha vida. Este é o caso, sen ir máis lonxe, da centenaria “Casa Lestón”, restaurante fundado en 1917 e no que hoxe continúan,

nada máis e nada menos, que catro xeracións en activo. A familiaridade, a alta calidade dos seus produtos e unha hospitalidade fóra do común, converten esta tradicional casa de comidas nun referente indispensable da incipiente hostalería da Costa da Morte. Dito isto, e xa comidos e servidos -que é o que cumpre nestes casos- camiñamos durante uns cinco minutos até o chamado **“Petón do Rosín”**. De aí saímos polo Camiño Xacobeo (que aparece sinalado no traxecto) e que nos leva inmediatamente ao miradoiro de **Talón**. Temos aquí, con permiso das maxestosas vistas de San Guillherme e do **Monte Seoane**, unha das panorámicas por excelencia da vila fisterrá. Ideal para os amantes da arte fotográfica e a pintura, este miradoiro posúe, ademais, unha área de descanso certamente moi de agradecer. Podemos optar por baixar á praia do mesmo nome a través dun acceso peonil de recente creación, ou ben por continuar medio quilómetro máis até chegar á “corredoira de don Camilo”, chamada así en lembranza e recoñecemento a Camilo José Cela polos anos que o Nobel de Literatura veraneou en Fisterra a finais da década dos 80 e principios dos 90. Descendemos agora pola corredoira e deixámonos levar polo fragrante arume dos piñeiros que, embriagándonos de luz, axiña nos sitúa na esplendorosa praia da **Langosteira** (bandeira azul). Desde aquí, tres quilómetros de paseo marítimo inesquecível en harmonía coa paisaxe e a sabia natureza.

Para non perderse

Festa Folk na Fin do Camiño (3ª semana de agosto). Praia da Langosteira

Onde comer

Casa Lestón (Sardiñeiro)

Restaurante “Tira do Cordel”. San Roque-Fisterra

Bar “O Trebón”. Paseo da Langosteira. Anchoa-Fisterra

Fisterra e o reto do Patrimonio europeo

Coincidindo co 50º aniversario da sinatura do Tratado de Roma, en 1957, e que supuxo, como sabemos, a creación da Comunidade Económica Europea, o Cabo Fisterra vén de ser galardoado coa prestixiosa distinción do selo **“Patrimonio europeo”**. Este novo recoñecemento, que supón colocar unha vez máis a vila fisterrá na vangarda continental, debera levar consigo unha serie de accións encamiñadas á promoción do municipio e á mellora da calidade de vida de todos os seus habitantes. De ser así, de confirmarse tales expectativas, o reto

do Patrimonio europeo deixaría de selo e iso, en consecuencia, redundaría en beneficio dun concello historicamente tan marxinado. Resulta evidente que a súa privilexiada situación xeográfica, o marco natural no que se enmarca e o forte simbolismo que devén de ser principio e fin do mundo a un tempo, deberon ser razóns abondo suficientes para que Europa lograra saír da súa profunda amnesia e volvese a considerar o Finis Terrae merecente das súas atencións.

É hora, en consecuencia, de que os demais estamentos oficiais (estado español, goberno galego e administracións públicas en xeral) imiten o exemplo dos seus colegas europeos e se impliquen de verdade no desenvolvemento, equilibrado e sostíbel, deste tan afastado e “esquecido” confín atlántico. De nada serve lairse agora do tempo perdido inutilmente en cuestións que escapan á nosa intencionalidade con escusas de orde social, económica ou política. A oportunidade -igual que o azar- chama só unha vez á porta e raro é que repita. Porén é tan importante que, entre todos, traballemos na concienciación dun obxectivo común; sen demagoxias nin partidismos. “Ante o que ven os ollos -dicía un recoñecido filósofo- sobran as palabras e bótanse en falta os feitos”. A Costa da Morte, en xeral, e Fisterra en particular, precisan urxentemente dun pulo vigoroso para continuaren agarrados ao tren da modernidade. “Non hai peor cego que o que non quere ver”, sentenza o proverbio popular. Oxalá que, de agora en diante, no exercicio da función pública, na xestión e nas decisións políticas que a todos nos afectan, existan tan poucas diferenzas como as que hai entre un sabio filósofo e un refraneiro popular.